

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinasbetanzos.org; info@marinasbetanzos.org; <http://www.biosferamarinasmandeo.com/>

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 13 DE XANEIRO DE 2014.

En Abegondo, a 13 de xaneiro de 2014 sendo as 19 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, no Salón de Plenos do Concello de Abegondo.

Asistentes:

- o D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva”).
- o D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- o Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- o D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- o D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa sectorial de asociacións xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza).
- o Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- o D. Xoan Álvarez Llana, en representación da *mesa do sector institucional* (Fundación para o Avance Científico da Veterinaria en Galicia).
- o D. Carlos Vales Vázquez, en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- o D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- o D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de emprego, promoción económica e turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- o D. José Angel Sánchez López, en representación do Concello de Sada.

- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. Eulogio López Rí, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG's* (ASPACE).
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG's* (ASPANAES).
- D. José Francisco Castro Vilariño, asesor externo da Asociación Mariñas – Betanzos.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- D. Diego Miranda Barrós. Técnico Asociación Mariñas – Betanzos
- D. Miguel Fernández Pardo. Técnico Asociación Mariñas – Betanzos
- Dna. Isabel Eiriz Naveira. Auxiliar Admvo. Asociación Mariñas - Betanzos
- D. Diego López Pedreira. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Consorcio das Mariñas
- Dna. Beatriz Suárez Sánchez. Enxeñeira de Montes. Bolseira en prácticas da Universidade de Santiago de Compostela)

 A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

Preside a reunión D. José A. Santiso Miramontes, Presidente. Actúa de secretario o representante do Concello de Oleiros, Rodrigo López Piquín, por ausencia da Secretaria.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbanse as Actas anteriores. Acta Xunta Directiva día 11 de novembro de 2013; actas acordos a través do enderezo electrónico: 25/11/2013

2 RESERVA DA BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”.

2.1. PLAN DE XESTIÓN (2013-2017) DOCUMENTO PARA O DEBATE. VERSIÓN 2.0.

O Plan de Xestión constitúe o eixo central para o desenvolvemento sostible da Reserva da Biosfera, tendo por finalidade establecer as liñas de actuación para o cumprimento dos obxectivos da Reserva de Biosfera, fomentando a conservación do patrimonio natural e cultural que identifica a este territorio a través da compatibilización dos usos e aproveitamento sostibles da poboación local.

Para que o Plan de xestión sexa unha ferramenta útil, áxil e eficiente, artéllase un mecanismo de participación entre a poboación local que permita trasladar ao Documento final os intereses e puntos de vista dos diferentes sectores sociais implicados na Reserva de Biosfera.

Desta maneira preténdese incorporar a opinión dos habitantes e das partes interesadas na adopción de decisións, creando un documento de consenso que reforce a posta en marcha e funcionamento da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

Diego Miranda, Técnico da Asociación toma a palabra e presenta este documento a través dun powerpoint, detallando as principais liñas de traballo:

- Plan de Choque e xestión adaptativa.
- Cumprimento das funcións de conservación
- Comunicación
- Sostibilidade do medio rural coa biodiversidade.
- Sostibilidade da pesca e marisqueo coa biodiversidade.
- Producións e turismo de calidade
- Ciencia e desenvolvemento de capacidades.
- Cooperación e asociacións
- Conservación dos recursos patrimoniais.

O Presidente informa aos asistentes que se teñen enviado escritos convidando a participar no Comité de Participación da Reserva da Biosfera ás seguintes entidades: Begano; Gadisa; Fundación Fernando Rey; Audasa; Hermanos Rivera; Fundación Amancio Ortega; RCable Galicia; Matadoiro de Montellos; Fricosa; Repsol; Tafisa; Portomuñíos; Portos de A Coruña; Biotenol Galicia; Isidro de la Cal; Fundación Barrie de la Maza; Lignitos de Meirama; Panadería da Cunha; Emalcsa; e Proinsa , tendo unha resposta favorable por parte dalgunhas delas.

Apróbase esta segunda versión do Plan de Xestión, e acórdase trasladalo en conxunto aos axentes do territorio, non socios de Mariñas – Betanzos, durante os vindeiros 6 meses.

2.2. CRONOGRAMA ANO 2014

O Técnico da Asociación “Mariñas – Betanzos”, Diego Miranda, presenta aos asistentes a proposta do cronograma deste Plan de Xestión para o ano 2014, que informa como nota aclaratoria que a posta en marcha das actuacións no ámbito da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” estará condicionada polo acceso ao financiamento preciso e á aprobación definitiva do Plan de Xestión “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” (2013-2017), sendo as accións aquí recollidas as que se poderán avanzar con recursos do Programa LEADER “Mariñas – Betanzos”.

ACCIÓN	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMB	DECEME
1. Posta en marcha dos órganos de xestión												
1.1. Constitución do Consello de Dirección												
1.2. Constitución do Comité de Participación												
1.3. Constitución do Comité Científico												
1.4. Convenio con entidades públicas												
1.5. Solicitar declaración Utilidade Pública												
2. Creación en posta en marcha da Rede Galega de RBs												
2.1. Elaboración proposta Regulamento												
2.2. Formulación de candidaturas a proxectos												
3. Organización reunión Consello Xestores e Seminario												
3.1. Organización reunión Consello Xestores Reservas Biosfera Esp.												
3.2. Seminario financiamento (2014-2020) de proxectos												
4. Formulación do Plan de Xestión da Reserva Biosfera "MCeTM"												
4.1. Elaboración documento debate versión 2.0 Plan de Xestión												
4.2. Proceso de participación para formulación propostas												
5. Avaliar a paisaxe como instrumento de xestión da Reserva												
6. Identificación e búsqueda oportunidades financiamento												
6.1. Identificación de convocatorias de axudas												
6.2. Formulación de candidaturas para proxectos												
7. Accións de participación, dinamización e visibilidade												
8. Turismo e marcas de calidade												
8.1. Posta en marcha da Ruta de Adegas do Viño da Terra Betanzos												
8.2. Deseño e elaboración de material promocional turístico												
8.3. Deseño e desenvolvemento Marca de Calidade												

A representante de Roxín Roxal, Sabela Iglesias, bota en falta a participación no Comité Científico das áreas sociais e humanidades. Queda emprazada a enviar un correo electrónico con nomes de entidades e persoas destas áreas que se poderían invitar a participar.

Tamén comenta que se deberían establecer canles fluídas de comunicación entre o Comité Científico e os axentes sociais, con acordo unánime por parte da Xunta Directiva.

Propón tamén, unha xornada do fomento da construción natural – bioconstrución (tipo obradoiro), que estudarse dende o Equipo técnico.

Lois Anxo Ferreiro, representante de Cultura Aberta de Carral, pregunta si as alegacións da entidade que representa están incluídas, ao que lle responde a Xerencia do Programa LEADER que si están incluídas, e que contribuirán á posta en valor do patrimonio cultural.

Quere facer constar tamén, que non deben propoñerse excesivos informes, estudos, catálogos, que si que son importantes, pero debería facerse máis traballo de campo e cousas prácticas e reais.

2.3. ACTUACIONES PREVISTAS MARCA DE CALIDADE

O técnico da Asociación “Mariñas – Betanzos”, Miguel Fernández, comenta as actuacións previstas para poñer en marcha a Marca de calidade da Reserva da Biosfera explicando a través dunha presentación de powerpoint os seguintes puntos:

- Redacción de REGULAMENTO DE USO e de XESTIÓN da marca.
- Elaboración de PREGOS DE CONDICIÓN por PRODUCTOS.
 - Pregos Iniciais previstos:
 - ✓ Viño
 - ✓ Produtos lácteos
 - ✓ Produtos hortícolas

- Valoración da adhesión á Marca Rexistrada pola “Red Española de Reservas de Biosfera”
- Opcións de control e certificación.
 - Consulta a través da Entidade Nacional de Acreditación.

O Presidente, toma a palabra para comentar a posibilidade de facer os trámites a través de INGACAL, ao que responde o técnico da Asociación que se terá en conta esta posibilidade e se consultará con Ingacal.

O representante do CEIDA, Carlos Vales comenta que a súa entidade lle concederon unha axuda da Fundación Biodiversidad para: equipamentos de educación ambiental e creación dun Programa de Responsabilidade Social Empresarial (RSE) asociado á Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, que se coordinará co ente Xestor da Reserva da Biosfera.

A continuación o Presidente da Asociación, presenta a dúas novas incorporacións que colaboraran co equipo técnico da Asociación Mariñas–Betanzos, que explican en que traballarán:

Beatriz Suárez, bolsaira da Universidade de Santiago de Compostela, realizará prácticas cunha beca concedida pola Universidade, traballando na posta en marcha da estratexia da paisaxe na Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, así como na organización de Xornadas e actividades de participación pública; e tamén na busca de financiamento de proxectos no desenvolvemento rural no que poida participar a tamén a Universidade (Life, Horizonte 2020-2020, Interreg, etc.).

Diego López, Axente de Emprego do Consorcio das Mariñas, traballará no desenvolvemento da estratexia da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, en darlle maior visibilidade, participación e na organización e desenvolvemento de xornadas.

3.- SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER

3.1. EXECUCIÓN PROGRAMA LEADER 2007-2013 a 31/12/2013.

Entrégase aos asistentes o informe de execución do Programa LEADER 2007-2013.

Destacar que dende o ano 2010, coa axuda do Programa LEADER, constituíronse novas empresas de diferente índole no territorio de “Mariñas – Betanzos” (servizos turísticos, expenderías de leite, modernización de explotacións agrarias, carpinterías, instalación de novos produtos de horta, así como creáronse servizos non existentes nos núcleos de poboación como papelerías, perruquerías, almacéns de pinturas, subministro material agrícola, protésicos dentais, cadros eléctricos de distribución para sistemas industriais).

Contribuíuse á creación e consolidación de emprego na comarca, creando 39,41 postos directos de traballo, ademais de contribuír ao mantemento de 440,90 empregos.

As solicitudes de axuda recibidas na sede do GDR, durante estes anos foron 149.

Mobilizáronse un total de 8.183.275,98€, sendo o investimento privado mobilizado de 5.725.154,88€ e os fondos públicos investidos no territorio de 2.458.121,09€.

(Máis información no informe anexo, que foi enviado a todos os membros da Directiva).

3.2. REPARTO FONDOS LEADER 2014-2015.

Antes de empezar a exposición o Xerente do Programa LEADER, o Presidente da Asociación quere matizar que dende a Asociación de GDR de Galicia, que preside a Asociación Mariñas – Betanzos, tense presentado no mes de xuño de 2013 unha proposta de reparto de fondos nas anualidades 2014-2015 a AGADER, prantexando AGADER no mes de decembro aos Grupos a través da Asociación de GDR unha nova proposta, resultando ser a máis votada entre os Grupos.

O día 30 de decembro de 2013, publícase na paxina web de Agader a resolución do Director Xeral polo que se aproban os novos cadros financeiros dos grupos de desenvolvemento rural tras a aprobación do novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013 (http://agader.xunta.es/Inicio.do#Escena_1).

Na distribución de fondos primábase a eficacia do Grupo na xestión dos proxectos do Programa Leader polo que a Asociación Mariñas-Betanzos foi ben considerada na adxudicación de fondos. Agader outorgou á Asociación Mariñas-Betanzos fondos por importe de 1.919.146,44.-€ para as dúas anualidades 2014 e 2015 (862.260,91.-€ anualidade 2014; 1.056.885,53.-€ anualidade 2015).

Na actualidade a Asociación Mariñas-Betanzos conta con 39 proxectos pendentes de adxudicación de fondos. Moitos destes expedientes non contan con Informe de Control de Elixibilidade favorable de Agader e pode que algún non se execute ou execute menos investimentos do solicitado. Por este motivo é necesario facer unha análise detallada da situación dos expedientes no primeiro trimestre do ano 2014.

Ademais dado que os fondos recibidos na medida 411 son maiores que as posibles axudas dos expedientes existentes na actualidade vese a necesidade de contar con máis expedientes na medida 411 “Dinamización do sector agrario e forestal” e polo tanto solicítase a Xunta Directiva aprobación para solicitar a AGADER a apertura dun novo prazo para solicitar axudas do Programa Leader nesta medida. Preténdese abrir o prazo antes de finalizar o mes de abril.

A Xunta Directiva autoriza ao equipo técnico a que faga os trámites necesarios para solicitar a AGADER a apertura dun novo prazo para solicitar axudas do Programa LEADER para proxectos enmarcables na medida 411.

Por outra banda para fomentar o emprendemento de pequenas iniciativas a través do Programa Leader, a Xunta directiva acorda que o importe total da axuda por proxecto máximo sexa de 40.000-€ (para os proxectos produtivos e non produtivos); acordo que deberá ser comunicado e autorizado por Agader.

A Xunta Directiva autoriza ao equipo técnico a que faga os trámites necesarios para notificar a AGADER a redución no límite máximo de axuda do Programa LEADER ata 40.000 euros, tanto para produtivos como non produtivos.

Tamén se propón modificar os Criterios de selección de proxectos, incorporando criterios que reforcen a posta en marcha do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñasas e Terras do Mandeo”, traendo unha proposta en vindeiras reunións.

3.3. MODIFICACIÓN RÉXIME DE AXUDAS PROGRAMA LEADER

Con data 27 de decembro de 2013, publícase no DOG nº 247, o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se modifican as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

http://agader.xunta.es/Inicio.do#Escena_1).

Novidades a destacar do novo réxime de axudas do Programa Leader:

1º Limitase a compra de edificios onde o investimento aplicable á adquisición non superará a porcentaxe do 100% respecto dos gastos subvencionables.

2º Serán subvencionables os gastos en arrendamentos financeiros de adquisición de activos subvencionables aboados polo arrendatario ao arrendador dentro do período de subvencionabilidade dos gastos.

3º Admítese a substitución dun edificio ou unha máquina existente cando amplía a capacidade de produción en mais dun 25% ou introduce cambios fundamentais na natureza da produción ou da tecnoloxía correspondente.

4º Modificación por cambios de titularidade. Poderá subrogarse no lugar do beneficiario outra persoa que cumpra todos os requisitos para ser beneficiario e acepte os compromisos contraídos polo primeiro. Esta subrogación leva aparellada unha rebaemación do proxecto en atención ás circunstancias persoais do novo promotor que pode supoñer unha redución, nunca incremento, da porcentaxe de axuda pública.

5º O mantemento do emprego consolidado dos últimos 12 meses contados dende a data de solicitude de axuda. Respecto dos proxectos que creen 5 ou máis empregos, un terzo destes deberán estar cubertos no momento da solicitude do pagamento final do expediente, admitindo respecto dos restantes, que se creen no prazo máximo de 6 meses contados dende a data de pagamento final. Cada un dos empregos creados deberá manterse durante o período de 5 anos contados dende a súa ocupación.

6º Proxecto subvencionables na medida 411:

- Proxectos de investimentos en explotacións agrarias que teñan polo menos 1 UTA. Non se especifica que sexan subvencionables os proxectos dirixidos a mellorar a eficiencia enerxética das explotacións e que estean vinculados a aplicación das TICs nas explotacións.
- A porcentaxe máxima de axuda cando o promotor sexa mozo e o proxecto se desenvolva fóra das zonas catalogadas como zonas desfavorecidas ou de montaña ou rede natura pode acadar o 50%. No anterior réxime a porcentaxe máxima podía acadar o 45%.

7º Proxectos subvencionables na medida 413:

- A subvencionabilidade de proxectos de renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural dependerá de que o departamento da Xunta competente na materia acredite o interese da proposta ou ben estea definido como de interese no Plan de mantemento, restauración, mellora ou posta en valor do patrimonio natural ou cultural que o GDR pode elaborar e que estea aprobado por Agader.
- Nos proxectos produtivos de creación, ampliación e modernización de PEMES, en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria e para os proxectos de fomento de actividades turísticas é requisito necesario a xeración de 0,25 empregos anuais.
- Unicamente poderán ser beneficiarios dos ámbitos de actuación “Servizos básicos para a economía e a poboación rural” e a “Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural, as entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais e comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común.

3.4. ACTIVACIÓN DE EXPEDIENTES

A Asociación Mariñas-Betanzos conta na actualidade con expedientes con Informe de Control de Elixibilidade Favorable, onde os promotores xa teñen executados e pagados os investimentos solicitados. Estes expedientes detállanse a continuación

PROXECTOS	Investimentos	Axuda
Modernización empresa madeira en Oza dos Ríos.	53.643,62	20.116,36
Dinamización e diversificación do sector forestal. Ampliación de servizos no medio rural.	273.860,95	91.743,42
TOTAL	327.504,57.-€	111.859,78.-€

Tamén existen outros expedientes en situación de activación parcial de fondos que a Xunta Directiva deberá autorizar a asignación de fondos pendentes con cargo a anualidade 2014 e que se detallan a continuación.

PROXECTOS	Investimentos	Axuda
Mellora tecnolóxica e produtos en industria dedicadas a fabricación de moveis industriais e comerciais en Almeiras Culleredo.	335.042,40	47.551,98
Reforma do pavillón para atención integral a persoas con parálise cerebral	580.467,15	45.050,00
TOTAL	915.509,55.-€	92.601,98.-€

A Xunta Directiva autoriza que se activen estes expedientes, asignándolles fondos con cargo a anualidade 2014.

3.5. ORZAMENTO 2014 LEADER.

O Xerente do Programa LEADER, presenta os Gastos de funcionamento do Programa LEADER para o ano 2014, mantendo o mesmos importes que no ano pasado.

PREVISIÓN DE GASTO DO ANO 2014
MEDIDA 431 A: Gastos de funcionamento
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL:

I. Gastos de persoal (Relación de postos)	Soldo	Seg.Social da empresa	Axudas de custo	GASTO
I.1.Xerente	33.157,25	10.844,60	800,00	44.801,85
I.2. Técnico Proxectos	22.888,80	7.347,12	400,00	30.635,92
I.3. Auxiliar administrativo.	13.655,28	4.383,60	200,00	18.238,88
I.4.				
Subtotal I				93.676,65
II. Asistencia á xestión (Contratadas polo GDR)				GASTO
II.1. Asistencia técnica "elaboración nóminas"				2.000,00
II.2. Asistencia técnica.....				
Subtotal II				2.000,00
III. Subministrados exteriores				GASTO
III.1. Comunicacions: Tf, fax				3.000,00
III.2. Subministro eléctrico				1.000,00
III.3. Material funxible oficina				3.000,00
III.4. Outros subministrados (municipais, etc)				1.086,96
Subtotal III				8.086,96
IV. Material informático, telemático e de reprografía				GASTO
IV.1. Adquisición de material informático				1.000,00
IV.2. Adquisición de material telemático				
IV.3. Adquisición de material de reprografía				
IV.4. Mantemento e conservación				
IV.5. Aluguers				
IV.6. Outros: Fotografía, correos, copias...				3.000,00
Subtotal IV				4.000,00
V. Mobiliario e equipo de oficina				GASTO
V.1. Adquisición mobiliario e equipos				0,00
V.2. Mantemento e conservación				
Subtotal V				0,00
VI. Inmobles e locais				GASTO
VI.1. Aluguer				
VI.2. Mantemento e reparacións (pintura local)				2.000,00
VI.3. Outros				
Subtotal VI				2.000,00
VII. Outros gastos (especificar)				GASTO
VII.1. Axudas de custo doutros membros do GAL				
VII.2. Outros (tributos, gastos de representación e outros gastos elexibles non definidos)				50,00
Subtotal VII				50,00
TOTAL GASTO PREVISTO				109.813,61

A Xunta Directiva autoriza esta proposta de gastos por importe de 109.813,61€ para o ano 2014, e que sexa comunicada a AGADER.

3.6.- PROPOSTA XORNADAS 2014

Proponse á Xunta Directiva para o ano 2014 as xornadas que se detallan a continuación:

XORNADA “OPORTUNIDADES DOS PRODUTOS LOCAIS PARA O EMPRENDEMENTO NO SECTOR AGRARIO”
II MOSTRA DE VIÑOS E PRODUTOS DAS MARIÑAS EN BETANZOS
OS SABORES DOS PRODUTOS LOCAIS. PROMOCIÓN NA CIDADE DA CORUÑA
MARCAS DE CALIDADE NOS PRODUTOS LOCAIS
PROMOCIÓN DAS RUTAS AGROALIMENTARIAS
FRUTICULTURA ECOLÓXICA
XORNADAS PATRIMONIO
XORNADA SOBRE AS ÁRBORES
SEMINARIO SOBRE OPORTUNIDADES DE FINANCIAMENTO DE PROXECTOS
CURSO DE FOTOGRAFIA E EXPOSICIÓN ITINERANTE
SENDEIRISMO, GASTRONOMIA E SAÚDE.
PAISAXE E DESENVOLVEMENTO RURAL. XORNADAS DA PAISAXE
PROGRAMA DE VOLUNTARIADO EN CENTROS ESCOLARES
II MERCADO DE SEGUNDA MAN E TROCO EN ABEGONDO
III SEMANA DA CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO
SAÍDAS LÚDICAS PARA COÑECER AS AVES
IDENTIFICACIÓN DE AVES EN DISTINTAS ÁREAS DO TERRITORIO
XORNADA SOBRE O INTERESE AMBIENTAL DAS PRAIAS E AREAIS
A BIOMASA COMO OPORTUNIDADE DE AFORRO ENÉRXETICO
CICLO DE SEMINARIOS “ASPECTOS CIENTÍFICOS – TÉCNICOS” PARA MELLORAR NO TERRITORIO DE “MARIÑAS – BETANZOS”
EDICION, DESEÑO E IMPRESIÓN MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES 2013
XORNADA SOBRE BIOCONSTRUCCION NO TERRITORIO MARIÑAS – BETANZOS

A Xunta Directiva acorda abrir un expediente LEADER na medida 431-B para poder levar a cabo estas xornadas e actividades no ano 2014 por un importe total de 27.453,40 euros.

4. INFORME DE ACTIVIDADES:

4.1. AXUDAS SOLICITADAS DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2014

O día 10 de xaneiro de 2014, tense presentado por rexistro telemático as seguintes solicitudes de subvención á Deputación Provincial da Coruña, dentro da Convocatoria de Programas dirixidos a entidades para actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2014 (actividade xeral).

4.1.1. SEMINARIO SOBRE OPORTUNIDADES DE FINANCIAMENTO DE PROXECTOS NO DESENVOLVEMENTO RURAL NO PERÍODO 2014-2020 E REUNIÓN DO CONSELLO DE XESTORES DA REDE ESPAÑOLA DE RESERVAS DE BIOSFERA.

O obxecto deste proxecto é o desenvolvemento dun Seminario sobre “Oportunidades de financiamento de proxectos de Desenvolvemento Rural dentro do período de programación 2014-2020”, así como a celebración da reunión do Consello de Xestores da Rede Española de Reservas de Biosfera na Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

Este Seminario pretende ser o foro de debate para que as entidades e persoas implicadas no Desenvolvemento das áreas rurais da provincia da Coruña, identifiquen os principais retos e oportunidades que se presentan neste novo período de programación 2014-2020 encamiñados a mellorar a competitividade territorial e a calidade de vida das poboacións locais. Estará dirixido a todas as entidades da Provincia da Coruña que están a traballar no marco do Desenvolvemento Rural, así como a técnicos e xestores, pero tamén estará aberto a calquera persoa e/ou entidade interesada en dispoñer dunha maior información sobre os distintos instrumentos de financiamento para o novo período de programación.

O orzamento desta actividade ascende a 9.390 euros, que está ligado aos gastos xerados polo aloxamento e manutencións dos membros do Consello de Xestores das Reservas de Biosfera Españolas, durante a duración do Seminario e a reunión do Consello de Xestores.

Acórdase tamén preparar unha carta dirixida ao Presidente da Deputación Provincial da Coruña, trasladando esta solicitude a través dun convenio.

Infórmase aos asistentes que caso de ter que escoller entre os dous proxectos na convocatoria de subvencións para actividades de promoción económica, renunciarase a este.

4.1.2. POSTA EN MARCHA DA ESTRATEXIA DE PAISAXE NA RESERVA DE BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”: XORNADAS E ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA.

O obxecto principal deste proxecto é avanzar no deseño do Catálogo da Paisaxe da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Para elo desenvolveranse unha serie de actuacións (talleres) agrupadas en tres categorías en función dos obxectivos que perseguen, aínda que todas manteñan relación entre elas e poden ser complementarias: 1) talleres orientados ao diagnóstico das paisaxes, 2) promover e por en valor a riqueza paisaxística, 3) promocionar, divulgar e difundir ditas paisaxes, todos enmarcados dentro da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

Preténdese divulgar a todos os habitantes da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, os valores naturais, ambientais e culturais que se dan nela, co fin de crear entre todos a Reserva da Biosfera que queremos.

O orzamento desta actividade ascende a 25.000 euros, que estaría ligado aos gastos xerados da organización de 10 talleres e unha xornada final, nos concellos da Reserva da Biosfera (imputación salarial técnico Asociación Mariñas – Betanzos; materiais; gastos relatores; difusión).

4.2. INICIO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2013-2014. RURAL EMPRENDE

O técnico da Asociación Mariñas – Betanzos, a través dunha presentación de powerpoint expón o Programa Integrado de Emprego, concedido á Asociación para este período 2013-2014.

A este respecto, informouse aos asistentes da solicitude presentada, da resolución, do perfil do alumnado, do programa dos 3 itinerarios.

■ SOLICITUDE:

❖ Presentada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia con data 16/05/2013 e rexistro de saída nº 159, segundo o recollido na *ORDE do 18 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2013 e 2014.*

❖ Orzamento solicitado:

Total Gastos subvencionables	103.483,25 € (85%)
Total Cofinanciamento	18.261,75 € (15%)
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	121.745,50 €

■ RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN:

❖ Notificación de resolución de concesión con data 11/10/2013 e número de expediente TR332A 2013/25-0.

❖ Orzamento concedido:

	Ano 2013	Ano 2014	Total
Subvención	21.840,00 €	21.840,00 €	43.680,00 €
Cofinanciamento	3.854,11 €	3.854,11 €	7.708,22 €
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	25.694,11 €	25.694,11 €	51.388,22 €

42% do importe solicitado

A Xunta Directiva aproba este cadro orzamentario.

Miguel Fernández, Técnico da Asociación, informa aos asistentes que ten saído “sorprendentemente” publicado no DOG a Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia durante os anos 2014 e 2015 (DOG nº 6 do 10 de xaneiro de 2014).

O prazo para presentar esta nova solicitude remata o 10 de febreiro de 2014.

Nestes programas incluíranse necesariamente accións de carácter formativo e de intermediación laboral e estableceranse obxectivos cuantitativos previstos de inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego participantes neles.

Distínguense os distintos tipos de programas.

A) Programas integrados para persoas desempregadas pertencentes aos seguintes colectivos prioritarios:

- a) Persoas con discapacidade.
- b) Persoas desempregadas en risco de exclusión social.
- c) Mulleres (especialmente, as que acrediten a condición de vítimas de violencia).
- d) Persoas desempregadas menores de 30 anos (especialmente, as que posúan baixa cualificación).
- e) Persoas desempregadas de longa duración (especialmente, as que posúan baixa cualificación).
- f) Persoas inmigrantes.
- g) Persoas desempregadas como consecuencia dun expediente de regulación de emprego de carácter extintivo, presentado nos doce meses anteriores ao inicio do programa.

Todas as persoas participantes deberán figurar inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e, polo menos, o 50 por cento deberán ser persoas receptoras de prestacións ou subsidios por desemprego ou do programa de recualificación profesional (programa Prepara).

Esta porcentaxe reducirase en proporción ao número de persoas beneficiarias de prestacións ou subsidios inscritos como persoas demandantes de emprego no ámbito de actuación en que se vaia desenvolver o plan.

A Xunta Directiva faculta á Asociación Mariñas – Betanzos, e na súa representación ao Presidente da Asociación, D. José Antonio Santiso Miramontes, para a tramitación desta solicitude de axuda para un novo Programa Integrado de Emprego.

4.3. ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO. ACTUACIÓNS PREVISTAS 2014.

O técnico da Asociación, Miguel Fernández, presenta as actuacións previstas para este ano 2014:

- Inscripción no Rexistro de Entidades que prestan servizos de aconsellamento ás explotacións (Resaxega).
- Información e divulgación dos servizos ofertadas ás explotacións do territorio.
- Posta en marcha do servizo.

5. PROGRAMAS DE COOPERACIÓN. ACTIVIDADES PREVISTAS 2014

O técnico da Asociación, Miguel Fernández informa aos asistentes que actualmente hai abertos dous proxectos en fase de execución subvencionados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para este ano 2014. A continuación explica as actividades previstas para cada un deles.

5.1. ASGAIA INNOVACIÓN (2011-2014)

- Avaliacións e auditorías enerxéticas:
 - CIAM
 - 4 agroindustrias do territorio
 - ✓ *Queixos Gagiao, Casa Beade, Panadería Da Cunha, Helados Gael*
- Programación de xornadas/seminarios:
 - Marketing e comercialización
 - Deseño de produto
- Edición, presentación e divulgación da Guía desplegable de produtores agroalimentarios Mariñas-Betanzos.

O conxunto das actuacións enmarcadas neste proxecto de cooperación tentaranse relacionar directamente cos primeiros pasos a dar para a creación dunha Marca de Calidade da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” (xuntanzas sectorais para o deseño de pregos de condicións, deseño de produto, packaging,...).

5.2. CALIDADE AGROALIMENTARIA (2011-2014)

- Avaliacións de industrias agroalimentarias: 2ª avaliación ás adegas visitadas (6).
- Apoio á constitución de Asociación de Adegas asociada á Ruta das Adegas.
- Posta en marcha da Ruta das Adegas do Viño da Terra de Betanzos.
 - Desenvolvemento de visitas enmarcadas nas xornadas/seminarios organizados pola Asociación.
 - ✓ Comprobación do emprego do Manual de Usuario da Ruta das Adegas.
 - ✓ Comprobación da utilización do Panel de Proceso Produtivo do Viño da Terra.
 - Contacto con turismo para a posibilidade de elaboración de paquetes de visita.

De igual maneira que no caso do proxecto de cooperación “Asgaia-Innovación”, as actuacións de “Calidade Agroalimentaria” tentaranse vincular na medida do posible á creación da Marca de Calidade da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” (introdución do viño da Terra de Betanzos como produto a adherir pola marca, a Ruta das Adegas como ferramenta de promoción e divulgación da mesma,...).

6.- SUXESTIÓNS E PREGUNTAS.

6.1. José Francisco Castro toma a palabra e fai as seguintes preguntas:

- Ao respecto do Programa Integrado de Emprego “Rural Emprende” chámalle a atención o elevado número de participantes da cidade de A Coruña (24), ao que lle responde o técnico deste Programa, Miguel Fernández, que a propia normativa da convocatoria conleva este resultado.

- Ao respecto do Programa LEADER e o reparto de fondos, considera que é complicado, pero que se debería transmitir a AGADER a modificación de criterios de reparto, xa que se están perdendo moitos cartos por favorecer a “zonas desfavorecidas” que non son dinámicas e onde non se comprometen ni executan os proxectos.

2. Establécese un debate entre os asistentes ao respecto da Reserva da Biosfera, xa que no Plan de Xestión nas actividades propostas pon entidade responsable “Mariñas – Betanzos”, e algúns dos asistentes se preguntan si non debería poñer “Ente Xestor da Reserva da Biosfera”, acordando isto finalmente toda a Xunta Directiva.

Lois Anxo Ferreiro, informa que nas reunións previas, o técnico Pablo Ramil sempre deixou ben claro que non se lle dera o control a ningunha outra entidade, que se tutelará o proceso. Carlos Vales, representante do CEIDA, comenta que a Reserva da Biosfera é un proceso, e que no caso de ir avanzando podería modificarse. Poderían constituírse órganos e ir transferindo actuacións.

O Presidente, comenta que o modelo de Asociación pode presentar moitas debilidades, pero tamén puntos fortes.

3. Infórmase aos asistentes que xa foron enviados os Estatutos coa modificación de incorporar a Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” nos Estatutos, como órgano xestor que é o GDR Mariñas – Betanzos, aínda que non se puido enviar o Diploma oficial, por non dispoñer del.

4. Lois Anxo Ferreiro, representante de Cultura Aberta de Carral, pide que se identifiquen claramente os obxectivos de todos os estudos, informes que se elaboren, identificados no Plan de Xestión da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

5. Dentro da Acción D2. Fomento de prácticas agrogandeiras sostibles (Liña estratéxica D: Sostibilidade do medio rural coa biodiversidade), acórdase que se adiante a data do tratamento de residuos 2016-2017 que figura no plan de xestión, sendo o novo prazo de execución 2014 a 2016.

6. Por último informase das solicitudes recibidas por parte dos concellos para participar na Mesa das Administracións Locais ao respecto da Xunta Directiva, acordando aceptar nas reunións aos 10 concellos, pero lóxicamente con voto ponderado.

7. Desistencias expedientes Programa Leader.

As entidades promotoras dos seguintes expedientes solicitaron a súa desistencia da solicitude de axuda:

- L11-413-29-110 Nova carpintería innovadora de madeira na comarca.
- L12-431-29-B208 Actividades de divulgación do Programa Leader e asistencia a Feiras.

A Xunta Directiva autoriza as desistencias presentadas e polo tanto o peche dos anteriores expedientes.

Non se producen máis intervencións dándose por rematada a reunión ás 21.30 horas.

En Abegondo, a 13 de xaneiro de 2014

O Secretario accidental

Asdo.: D. Rodrigo López Piquín

Vº e prace Presidencia

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes